



Os CONTOS
DO PAÍS DO VENTO
CHARO PITA



No País do Vento

MARÍA DE MADEIRA, aventureira famosa, descubriu unha cova na brisa e alí entrou. Dentro, a brisa virou en tornado e o tornado arrastrou a María cara a outra beira, a un país onde os camiños estaban feitos de aire. Era o País do Vento.

No País do Vento non había mapas. Como se fosen de plastilina, os lugares mudaban segundo soprarse o vendaval, a nordestada, o xeeiro, o cerzo, a tramontana, o siroco... E todo ulía a algodón de nube e sabía fresco.





A festa dos papaventos

NO PAÍS DO VENTO crecen bosques de Papaventos. Teñen as raíces no fondo das barrancas e a cabeza no ceo. De tanto estar nas nubes, o pobo Papaventos é un gran coleccionista de soños. Desa afección procede a Airexada, a súa festa máis importante. Os domingos de airexa as familias de Papaventos reúnen para celebraren un banquete imaxinario. Érguense de mañá coa primeira rachada do día e cociñan nun baño de sol os seus mellores soños. No banquete partillan o que levan e todo está delicioso. Pero o momento máis emocionante da festa vén contra o remate. Nese intre é cando se anuncia o premio á mellor sobremesa. Gaña quen traia o soño máis doce.

Un problema de altura

UN DÍA, a xirafa que quería ser araña e a araña que quería ser xirafa coincidiron nun carreiro.

Todo facía presaxiar amor a primeira vista.

Pero houbo un problema de altura.

A xirafa ía nas nubes.

A araña volvía nas verzas.

E aínda que se cruzaron amodo contan que pasaron de longo.





O xardineiro do ceo

O PETO ESTABA TRISTE. Non quería ser carpinteiro. Devecía por ser o primeiro xardineiro en sementar o ceo.

Cando escoitou a nova, o corvo escachou coa risa. Nunca tal fixese. A baga que estaba a papar atascóuselle na gorxa e co susto rompeu a berrar. Desde ese día o corvo non pode cantar.

O peto tivo unha idea. Unha tarde encheu o peteiro de sementes. Levaba cargamento para plantar mil e unha flores. Logo emprendeu o voo.

Coa tardiña, un montón de nubes descansaba no horizonte. Parecían testos sobre o peitoril dunha ventá. Entón, o peto abriu o pico e deixou caer as sementes todas.

Á brisa a idea pareceulle ben fermosa e quixo axudar. Soprou suavemente e regou a tarde con aire húmido. Impulsadas pola airexa, as sementes espallaron e non tardaron en prender.

Aquel día, antes de caer a noite, as nubes enchéronse de cores e milleiros de ollos contemplaron fascinados aquel xardín.

O peto segue sendo un paxaro carpinteiro, pero desde o día que probou a ser o primeiro xardineiro do País do Vento, traballa moito máis feliz.

Unha vida do máis saudable

NAS ESCOLAS do País do Vento, airexas e furacáns, treboadas e torbóns, paxaros e nubes teñen que se aplicar en dúas disciplinas de gran importancia: a poesía e a danza.

Os papaventos e os cirros ensaian o baile en parella.


As aguias, os vendavais e as copas das árbores adoitan agarrarse en remuíños e xirar en roda.

As galernas e os cúmulos aprenden a danzar a ceo aberto en liberdade completa.

Tres veces por semana, os habitantes do País do Vento atopan tempo para ir a un ximnasio de palabras.

Nestes ximnasios actívanse os verbos, bátense récords de lonxitude con todo tipo de nomes, sácase músculo aos adxectivos, practícase o tiro con adverbio... Hai plusmarquistas de velocidade poética e xistras capaces de ondear a ritmo de *fox-trot* ao tempo que compoñen sonetos de feitura asombrosa.

Esta forma de vida tan saudable enche os días de goces infinitos.



O cocodrilo namorado

O CROCODILO rabudo namorara.

Ninguén podía crer que aquela besta amansara.

Cando a vía chegar voando con elegancia,
aboiaba preguiceiro sobre a superficie das augas.

Ela pousaba moi mosca na súa pel de coiraza
e xuntos navegaban río abaixo.

Ás veces o crocodilo entraba na terra
e coas súas patas minúsculas andaba un bo treito.

Adoitaba deterse xunto dunha barranca
e, con evidente nostalxia,

pechaba os ollos nun soño ancestral:

imaxinábase voando a carón da súa amada,
figurábase dinosauro despregando as súas ás.

Cada vento unha pegada

MARÍA DE MADEIRA recollía as súas experiencias científicas e poéticas nun caderno de detective.

Como no País do Vento non había tinta, usaba as cores do arco da vella para tomar notas.

Intentou ademais fotografar as marabillas do lugar. Pero decatouse deseguida de que as brisas e os ventos non eran fotoxénicos e decidiu que, no canto dun retrato, levaría cadansúa impresión dixital:

Do siroco quedou no caderno un labirinto de area.

Do vendaval, unha cabeleira revolta e aloucada.

Dos alisios, rastros de aloumiños.

Do xeeiro, un colar brillante de sarabia.

Da brisa de verán, un lene recendo a herba cortada.



Os furacáns fixeron para ela papiroflexia.
A brisa de outono pintou as follas de amarelo.
O vento mareiro chorou pingas salgadas.
As rachadas debuxaron estradas curvilíneas.
A rosa dos ventos, moi rumbosa,
deulle catro pétalos da súa espléndida corola.
E aínda que a néboa non sopraba,
quixo deixar tamén a súa pegada:
unha mancha húmida con forma de fantasma.

Refuxidas

AS PITAS coa súa prole chegaron ao País do Vento fuxindo das raposas.

Pronto se refuxiaron en currais e alí quedaron a vivir.

No País do Vento ninguén se tomou a mal que aqueles paxaros non soubesen voar.

Airexas e pitas non tardaron en partillar costumes.

Para mellorar as relacións, ofrecéronse clases de baile. A iniciativa foi todo un éxito. Aprendéronse unhas ás outras danzas tradicionais. As pitas non tardaron en dominar os principais pasos e, como tiñan facilidade para os idiomas, deseguida fixéronse entender. Pola súa banda, as airexas estaban abraiadas: nunca antes bailaran un pasodobre, nin probaran o biscoito dourado de grans de millo, nin dixeran cocoricoricó, chíó, chíó!





O encontro foi unha auténtica descuberta.

As pitas, en agradecemento pola acollida, doaron moreas de plumas amarelas. Durante moito tempo as plumas adornaron as nubes viaxeiras.

Todo o mundo coincidiu en que, coa chegada das pitas, o País do Vento era moito máis rico.

A banda do País do Vento

A BANDA do País do Vento é un dos espectáculos máis impresionantes que existen.

Naturalmente a banda está composta por instrumentos de vento de entre os que caben destacar: os instrumentos de vento montaña, os de vento mareiro e os de vento árbore.

Os instrumentos de vento montaña sopran nas cordilleiras e conseguen sonoridades estarrecedoras, aproveitando as covas e os ocos dos cumios máis elevados do país. O eco dos vales axuda a amplificar as súas melodías.

Os de vento mareiro interpretan pezas de carácter acuoso. O bater das ondas nas rochas costeiras axuda a dar ás súas intervencións un toque percutido.

Os de vento árbore posúen un matiz máis murmurador. O abano de pólas e follas dálle ao conxunto un toque envolvente que hipnotiza.



Cando a peza que interpretan o precisa, os instrumentos de vento tocan acompañados pola corda dos tendidos eléctricos.

Para os concertos máis importantes a banda adoita convidar a solistas. Son famosas as voces soprano das **campás** co seu tinguilear metálico ou o ton gravísimo do trono que fai retumbar os tímpanos.

De cando en vez cóntase tamén con algún lóstrego para os efectos especiais.



As cores do ceo

O ceo leva vestido azul os días asollados e rosa nos amenceres e nas atardecidas. Ás veces usa tamén o gris ou o negro. Depende do que lle apeteza en cada momento. Para isto do vestiario só ten unha regra: adórnase con todas as cores cando quere contar unha historia ou recitar un poema.

